

## MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE VECIÑANZA PARA A CREACIÓN DUNHA OFICINA DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO EN MATERIA FORESTAL

---

*Ao pleno da Corporación*

---

Saleta Fernández de la Torre e Santi Martínez López, na nosa condición de concelleiros do Grupo Municipal de Veciñanza, ao abeiro do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presentan diante do Pleno da Corporación Municipal a seguinte MOCIÓN:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

*Os terreos forestais constitúen un recurso estratéxico que debera contribuir ao desenvolvemento socioeconómico, xerando rendas e emprego mediante un aproveitamento sustentable dos seus recursos e servizos. **Artigo 5.1 da Lei 7/2012 de Montes de Galicia.***

Galicia é unha das principais potencias forestais de Europa, cunha superficie forestal 2 millóns de hectáreas (ha), o que supón o 67,8% do total do territorio.

Este recurso definido como estratéxico pola lei de montes de Galicia, ten moita importancia en Cuntis, onde o 72% da súa superficie é forestal. A pesar disto, o que debera ser unha importante fonte de igresos e unha ferramenta primordial para a fixación de poboación é actualmente un recurso infraaproveitado.

O avellentamento da poboación, o despoboamento, o incremento de parcelas abandonadas, a falta de persoal que xestione e inicie proxectos en comunidades



## moción

de montes veciñais en man común (CMVMC), o acumulo de combustibles forestais incrementando o risco de incendios rurais, son algúns dos problemas que afectan ao sector.

Ademáis, a fragmentación do terreo, tanto a nivel de propiedade (o 95% da superficie forestal de Galicia é de propiedade privada; 1,6 millóns de propietarios en áreas rurais), como de parcelas (só en Cuntis existen arredor de 23.000 parcelas forestais) e de usos, dificulta que se poidan levar a cabo modelos de xestión forestal sostible.

Para revertir esta situación de abandono á que foi empurrado o noso monte, é importante poñer en valor as potencialidades que del se derivan. Debemos tender a unha xestión forestal que garantice a multifuncionalidade e diversificación do monte dun xeito respetuoso co medioambiente á vez que procure a rendibilidade económica e social. Neste mesmo sentido, é imprescindible fomentar figuras de xestión conxunta do territorio (cooperativas, agrupacións de propietarios...) que posibiliten unha mellor ordenación e xestión do monte.

*As Administracións públicas fomentarán a agrupación de montes, públicos ou privados, co obxecto de facilitar unha ordenación e xestión integrada mediante instrumentos de xestión forestal que asocien a pequenos propietarios. **Artigo 27 da lei 43/2003, de Montes.***

*As Administracións públicas promoverán programas de educación, divulgación e sensibilización relativos aos obxectivos desta lei... **Artigo 59 da lei 43/2003, de Montes.***

Sendo conscientes das competencias da administración local en materia forestal, e da titularidade do monte cuntese (principalmente de titularidade privada),



## moción

consideramos fundamental o papel da **Administración Local** nas labores de información, asesoramento e divulgación, para contribuir de maneira eficiente á posta en valor do noso monte tanto dende o punto de vista económico como ambiental.

A administración local debe dotar, tanto a propietarios particulares como a CMVMC, dunha ferramenta que os axude no desenvolvemento da súa actividade e que impulse a implantación de novos aproveitamentos e modelos de xestión por parte dos mesmos.

POR TODO O EXPOSTO, O GRUPO MUNICIPAL VECIÑANZA SOMETE A APROBACIÓN DO PLENO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

1) A creación dunha oficina ou punto de información e asesoramento en materia forestal que teña entre as súas funcións:

- Promover e asesorar a acción das comunidades de montes veciñais en man común.
- Fomentar o cooperativismo e a xestión conxunta do territorio a través de campañas informativas.
- Realizar accións de formación en materia forestal (tanto para CMVMC como para propietarios particulares).
- Fomentar a educación Ambiental a todos os niveis.

Cuntis, 19 de setembro de 2017.

Santi Martínez López

Saleta Fernández de la Torre